

REQUISITOS MÍNIMOS PARA AUTORIZAR A AMPLIACIÓN DE AFORO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Estanse a recibir nesta unidade solicitudes para aumentar o límite de aforo de público nas instalacións deportivas. Dado que este tipo de eventos deportivos están clasificados de alto risco e dalgún xeito hai que instaurar medidas preventivas para minimizar os riscos; cómpre informarlles dos requirimentos mínimos que existirá a Dirección Xeral de Saúde Pública e que deberán estar descritos e ben xustificados na documentación que presenten para autorizar estas ampliacións.

En todo caso, hai que incidir tamén en que estas autorizacións estarán condicionadas pola evolución da situación epidemiolóxica e as medidas de hixiene e prevención que se poidan tomar con respecto a mesma, polo que cando existan medidas de prevención específicas para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes no ámbito territorial onde estea situada a instalación deportiva; deberanse rexir polas restriccións vixentes.

1._ CÁLCULO DA CAPACIDADE MÁXIMA DE PERSOAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Sempre se debe garantir unha distancia de 1,5 metros **entre cada persoa do público** nas catro direccións, polo que non se autorizarán aforos superiores a dita capacidade. Para o cálculo deste aforo tomarase en consideración o centro do asento onde se sitúe o público para realizar este cálculo.

Estas medidas de 1,5 metros entre asentos deberán estar contempladas clara e explicitamente nos protocolos que se presenten na Dirección Xeral.

2._ PORTAS DE ACCESO

Con respecto ás portas de acceso, sempre se deberá garantir que exista persoal de seguridade en cada porta e un acceso escalado que garanta que non se formen aglomeracións en cada porta. Como norma xeral, por cada acceso non poderán acceder máis de 300 persoas en espazos pechados e 1000 en espazos abertos, a non ser que se establezan franxas horarias a cada espectador para entrar ou saír de forma que se garanta que non haxa aglomeracións.

3._ ASEOS



Con respecto aos aseos, sempre se deberá garantir que exista persoal de seguridade nos accesos aos aseos, e que non se formen aglomeracións nestes.

4 CAFETERÍA

Non se poderá vender comida nin bebida nas instalacións deportivas.

5 VENTILACIÓN

O maior risco desta actividade podería estar na capacidade de ventilación/climatización das salas, polo que deben xustificar e garantir que non hai recirculación de aire e que os sistemas de climatización do local son revisados segundo a guía do Ministerio (https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Recomendaciones_de_operacion_y_mantenimiento.pdf)

6 LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS INSTALACIÓNS

Deberase garantir a adecuada limpeza e desinfección das instalacións.

7 OUTROS REQUIRIMENTOS

- ⑩ Ter implantado un protocolo de actuación ante supostos casos de COVID-18
- ⑩ Venda de entradas por adiantado con asentos preasignados e comunicación previa das medidas de prevención na venda de entradas:
 - Comunicar que non se asista ao evento cando se ten síntomas, está en illamento ou corentena.
 - Obligatoriedade de uso de máscara
 - Obligatoriedade de estar sempre sentado.
 - Evitar as aglomeracións
 - Non está permitido comer na instalación

- Manter sempre a distancia mínima de 1,5 metros entre as persoas en todo momento.
 - Evitar o uso compartido de obxectos que sexan difíciles de limpar e desinfectar
 - Hixiene extrema
- ⑩ Implementar sistemas que permitan o rexistro de identificación do público con información de contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

7 NORMAS DE USO DA INSTALACIÓN

O persoal propio da instalación deportiva deberá garantir que se cumpren as normas de uso da instalación, imprescindible a non formación de aglomeracións nas entradas, nos baños, garantir que os asistentes utilicen sempre máscara, e que o público estea sempre sentado.